



VISITA GUIADA Á VÍA NOVA E Á MANSIO DE AQUIS ORIGINIS

BAÑOS DE RÍO CALDO, LOBIOS (AO PÉ DO BALNEARIO), XOVES 14 DE XULLO DE 2016

ITINERARIO

Durante este pequeno percorrido pola Vía Nova entre Río Caldo e A Corga da Fecha, poderemos gozar da espléndida paisaxe da Serra do Xurés e observar a ampla biodiversidade que agocha este pequeno recuncho, dotado dun riquísimo legado histórico e patrimonial. Neste tramo de apenas 3 quilómetros, contemplaremos a *Mansio de Aquis Originis*, o segundo punto de descanso dos viaxeiros dende Braga. Continuaremos polo trazado do Camiño Histórico que suplantou á vía romana, ate a Corga de Fecha, onde, ademáis da espectacular ferverenza, se conserva parte da plataforma orixinal da vía. Ao longo do percorrido, iremos desmiuzando as peculiaridades desta calzada milenaria.

HISTORIA

A Vía XVIII ou *Vía Nova* do Itinerario romano de Antonino, construíuse en tempos da dinastía Flavia e inaugurouse no ano 79 da nosa era; co galo de controlar o territorio do Sur da *Gallaecia* e darlle saída ás mercadorías e minerais explotados polos romanos. Conectaba as cidades de *Bracara Augusta* (Braga) e *Asturica Augusta* (Astorga), cun maxistral trazado a media ladeira nas zonas de montaña e sobre loma nas zonas chairas; dotada de magníficas pontes de envergadura e múltiples miliarios que sinalizaban as súas 215 millas (aproximadamente 325 km).

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS

As principais características construtivas desta obra imperial foron: o trazado a media ladeira en zonas de montaña para evitar as crecidas dos ríos, gusto pola horizontalidade con pendentes non superiores ao 5-6% de desnivel, ancho suficiente para permitir o tránsito de carros pesados en ambos sentidos (7-10 metros), taxeas e estruturas de drenaxe para desaugue de pluviais, desmontes na ladeira contidos con muros de contención, conservación de rasantes, firme de sabrego compactado, pontes de envergadura para os grandes ríos e de madeira para os regatos; en definitiva, unha obra concibida para ser eterna.

Ademais das características construtivas desta obra, ao longo do seu percorrido intercaláronse postos de fiscalización (*portagem*) para facilitar a recadación imperial e dispuxéronse múltiples servizos: *mansios* (pousadas distanciadas en xeiras de viaxe), *mutatios* (pequenos establecementos con taberna para relevo dos animais de tiro), centros de culto (altares adicados aos lares viales) e unha axeitada sinalética (os miliarios).